DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n.
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.es • www.depo.es

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria, en substitución da ordinaria de outubro, do día 5 de novembro de 2019 adoptou, entre outros, este acordo:

3.7349.- **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

A Deputación ten a necesidade de manter os diferentes centros e dependencias libres de posibles focos de contaminación, previr condicións de insalubridade que poidan afectar ás áreas de traballo e ter uns centros cunhas instalacións limpas e adecuadas para os cidadáns que as visitan.

Por este motivo faise preciso proceder á contratación do servizo de limpeza dos centros, sedes e edificios dependentes da Deputación de Pontevedra, tendo en consideración que a prestación do servizo deberá velar polo coidado do medio ambiente e realizar unha xestión e recollida selectiva dos residuos xerados.

O contrato divídese en 5 lotes por razóns orgánicas, funcionais ou xeográficas, constituíndo cada un deles unha unidade funcional susceptible de realización independente, permitindo unha maior concorrencia e facilitando o acceso á contratación das pequenas e medianas empresas en consonancia co previsto no artigo 1.3. da LCSP.

Nestes lotes se inclúen diversos centros co obxecto de garantir a máxima coordinación entre o centro xestor e a empresa que preste o servizo de limpeza que permitirá a prestación adecuada dos servizos e actividades que realice a Deputación.

Con data 16 de agosto de 2019, o técnico adxunto ao Servizo de Contratación, no seu informe de procedemento, xustifica que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de servizos suxeito a regulación harmonizada, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

O referido informe, xunto coa proposta de contratación (co Vº e Prace do Deputado Delegado) e a proposta de pregos de prescricións técnicas e administrativas que rexerán nesta contratación foron remitidos á Secretaría Xeral ó obxecto de ser informados.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CHXROKK8A49T47EU

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n.
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.es • www.depo.es

Vistas as observacións reflectidas no informe emitido pola Vicesecretaría con data 22 de agosto, a Xefatura do Servizo de Contratación e Patrimonio propón a seguinte división en lotes na memoria xustificativa emitida con data 13 de setembro de 2019 para o contrato de prestación do *"Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra"*:

- Lote 1: Servizos Centrais (Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede Vigo, EF Areeiro, Escola de Cantería, Edificio Aperos Castelo Soutomaior, Imprenta Provincial, Parque Central Maquinaria e Parques Comarcais, Oficinas *Revitaliza*, Arquivo Provincial, Finca Mouriscade, Viveiros de Empresas dos PI Barro-Meis e Lalín 2000 e Centro de Servizos e Apoio Empresarial no PI Barro-Meis).

- Lote 2: Centro Príncipe Felipe. Servizo de Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza, OIT Armenteira, PIT Peinador, Castelo de Soutomaior).

- Lote 3: Museo de Pontevedra.

- Lote 4: ORAL (Servizos Centrais e Oficinas Periféricas).

- Lote 5: Centro Príncipe Felipe.

Seguidamente trasládase o expediente de contratación á Intervención ó obxecto de que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.

Resultando que con data 18 de setembro de 2019 a Intervención informa favorablemente o expediente.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta ó Pleno para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno acorda por unanimidade:

**1.-** Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do *"Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra"* (Expte.: 2018058000), de acordo co seguinte detalle:

Lote 1: SERVIZOS CENTRAIS



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CHXROKK8A49T47EU

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n.
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.es • www.depo.es

| | ORZAMENTO MENSUAL | ORZAMENTO ANUAL (SEN IVE) |
|---|---|---|
| PAZO PROVINCIAL | 17.867,54 € | 214.410,45 € |
| EDIFICIO ADMINISTRATIVO | 9.655,20 € | 115.862,39 € |
| SEDE VIGO | 3.747,85 € | 44.974,18 € |
| EF AREEIRO | 6.665,00 € | 79.980,00 € |
| ESCOLA CANTERÍA | 3.675,79 € | 44.109,49 € |
| EDIFICIO APEROS SOUTOMAIOR | 2.211,50 € | 26.537,97 € |
| IMPRENTA PROVINCIAL | 1.904,36 € | 22.852,32 € |
| SERVIZO MOBILIDADE | 4.967,19 € | 59.606,22 € |
| SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL | 958,74 € | 11.504,82 € |
| SERVIZO PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO | 4.842,02 € | 58.104,19 € |
| FINCA MOURISCADE | 2.662,98 € | 31.955,71 € |
| VIVEIROS EMPRESAS | 3.630,72 € | 43.568,63 € |
| CSAE | 1.931,04 € | 23.172,53 € |
| TOTAL ANUAL | | 776.638,89 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2 ANOS | | 1.553.227,78 € |
| IVE (21%) | | 326.188,33 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2 ANOS (IVE ENGADIDO) | | 1.879.466,12 € |

Lote 2: SERVIZO DE TURISMO RÍAS BAIXAS

| | ORZAMENTO MENSUAL | ORZAMENTO ANUAL (SEN IVE) |
|---|---|---|
| PALACETE DAS MENDOZA | 6.379,21 € | 76.550,53 € |
| OIT ARMENTEIRA | 304,03 € | 3.648,37 € |
| PIT PEINADOR | 306,63 € | 3.679,51 € |
| CASTELO SOUTOMAIOR | 5.104,47 € | 61.253,68 € |
| TOTAL ANUAL | | 145.132,08 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2 ANOS | | 290.264,17 € |
| IVE (21%) | | 60.955,47 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2 ANOS (IVE ENGADIDO) | | 351.219,64 € |

Lote 3: MUSEO DE PONTEVEDRA



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CHXROKK8A49T47EU

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n.
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.es • www.depo.es

| | ORZAMENTO MENSUAL | ORZAMENTO ANUAL (SEN IVE) |
|---|---|---|
| MUSEO DE PONTEVEDRA | 17.911,04 € | 214.932,47 € |
| TOTAL ANUAL | | 214.932,47 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2 ANOS | | 429.864,95 € |
| IVE (21%) | | 90.271,64 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2 ANOS (IVE ENGADIDO) | | 520.136,59 € |

Lote 4: ORAL

| | ORZAMENTO MENSUAL | ORZAMENTO ANUAL (SEN IVE) |
|---|---|---|
| SERVIZOS CENTRAIS ORAL | 7.171,14 € | 86.053,69 € |
| OFICINAS PERIFÉRICAS ORAL | 6.679,84 € | 80.158,11 € |
| TOTAL ANUAL | | 166.211,81 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2 ANOS | | 332.423,61 € |
| IVE (21%) | | 69.808,96 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2 ANOS (IVE ENGADIDO) | | 402.232,57 € |

Lote 5: CENTRO PRÍNCIPE FELIPE

| | ORZAMENTO MENSUAL | ORZAMENTO ANUAL (SEN IVE) |
|---|---|---|
| CENTRO PRÍNCIPE FELIPE | 65.998,86 € | 791.986,28 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2 ANOS | | 1.583.972,57 € |
| IVE (21%) | | 332.634,24 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2 ANOS (IVE ENGADIDO) | | 1.916.606,80 € |

2.- Autorizar o gasto do importe para dous anos de contrato de acordo coa seguinte distribución:



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CHXROKK8A49T47EU

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n.
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.es • www.depo.es

3.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexerán no presente procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, que obra no expediente, e que foi asinado dixitalmente co código de verificación PKR0GZZUC24RLA7J.

4.- Delegar por razóns de celeridade na Xunta de Goberno provincial:

- A aprobación da clasificación das propostas que efectúe a mesa de contratación, os requirimentos e demais trámites previstos nos artigos 150 e 151 da LCSP.
-A aprobación das modificacións previstas no prego de condicións.
-A incoación do expediente de resolución do contrato. O pleno resérvase, no seu caso, o acordo de resolución.
-A incoación e resolución das incidencias, que se produzan na execución do contrato que non conleven a resolución do mesmo, en particular as relativas ao incumprimento ou cumprimento defectuoso das prestacións que poidan ser obxecto da imposición de penalidades.
-E demais actos de trámites que conleven a adxudicación e execución do contrato.

5.- Designar como responsables do contrato ás seguintes persoas para cada un dos lotes nos que se divide o obxecto do contrato:

- Lote 1: Servizos Centrais (Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede Vigo, EF Areeiro, Escola de Cantería, Edificio Aperos Castelo Soutomaior, Imprenta Provincial, Parque Central Maquinaria e Parques Comarcais, Oficinas *Revitaliza*, Arquivo Provincial, Finca Mouriscade, Viveiros de Empresas dos PI Barro-Meis e Lalín 2000 e Centro de Servizos e Apoio Empresarial no PI Barro-Meis): Xefatura do Servizo de Contratación.

- Lote 2: Palacete das Mendoza, OIT Armenteira, PIT Aeroporto Peinador e Castelo de Soutomaior: Xefatura do Servizo de Turismo.

- Lote 3: Museo de Pontevedra: Persoa Directora de Xestión do Museo de Pontevedra.

- Lote 4: Servizos Centrais do ORAL e Oficinas Periféricas: Xefatura de Coordinación do ORAL.

- Lote 5: Centro Príncipe Felipe: Xefatura de Xestión do Centro Príncipe Felipe.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación de ofertas rematará ás 10:00 horas do día



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CHXROKK8A49T47EU

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n.
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.es • www.depo.es

seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.
Pontevedra, 6 de novembro de 2019
Pablo Montero Carrera
Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
Actuando por delegación do Secretario mediante RP de 25-01-2016
(Documento asinado electronicamente)

De acordo co disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, contra este acordo que esgota a vía administrativa, pode interpoñer:

- Con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 44 e seguintes da citada Lei, no prazo de 15 días hábiles. O devandito prazo computarase:
  a. Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
  b. Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado os mesmos ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

  Este recurso poderá interpoñerse ante o órgano de contratación ou ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).
- O recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contando desde a recepción desta notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CHXROKK8A49T47EU